



O Asalto ao Castelo celebra os 550 anos do histórico ataque

Amparanoia, Inmaculate Fools, Terbutalina, Ialma e Carapaus completan o cartaz musical vimiancés

30/05/2018

Achégase o verán e con el, o calor do lume dos fachos da revolta do Asalto ao Castelo de Vimianzo. A súa vixésimoterceira edición celebrarase o **sábado 7 de xullo**, cunha semana de actividades previas nas que non falta a música, o teatro, a gastronomía e mesmo o deporte.

O Asalto ao Castelo de Vimianzo non é unha festa histórica. Na celebración fúndese o actual coa inspiración medieval das revoltas das irmandades, co seu espírito reivindicativo e de loita, como naceu en 1996. O espírito asociativo segue vivo, involucrando a toda a vila que traballa durante todo o ano con entusiasmo e agarimo para realizar esta festa feita polo pobo, na que ninguén se sinte estranxeiro.

550 anos do histórico ataque ao castelo

No marco da celebración do 550 aniversario da Guerra Irmandiña (1467-1469), este ano rememórase o momento do ataque histórico á fortaleza. Este feito e a propia historia do castelo viviranse teatralmente na representación nocturna do **Asalto ao Castelo** e na **Historia Dramatizada do castelo**.

Na representación, dirixida por Soraya Lema con actrices e actores voluntarios da comarca, vívese o momento no que a Santa Irmandade está impoñendo a Xustiza no reino de Galicia e, especialmente, na Terra de Soneira, trala victoria irmandiña en moitos castelos. A familia Moscoso non deixará tan facilmente que o pobo se governe a si mesmo. Non quedará outro remedio que atacar o castelo de Vimianzo, o refuxio dos malfeitores. A actualidade estará presente coma sempre na peza teatral que rematará coa tradicional batalla no foso do castelo con globos de auga e o ariete derrubando a porta da fortaleza. Como novidade, este ano



realizarase unha preestrea da peza no auditorio vimiancés o mércores 4 ás 21h30.

Previamente, pola tarde, no patio do castelo, alumnado do IES Terra de Soneira dará vida á historia da fortaleza: *Dos Feitos e Desfeitos que estas Pedras Viviron, dos Tempos das Cantigas aos do Electrolatino*. Alén diso, as propostas do Concello de Vimianzo na fortaleza completan a parte histórica con visitas guiadas no castelo todos os días ao mediodía e visitas teatralizadas o domingo 8 co grupo *Os Quinquilláns*.

Maior calidade nos Pinchos Irmandiños

Do martes 3 ao sábado 7 de xullo, dezasete locais hostaleiros da vila ofrecen petiscos singulares nos que non se pode utilizar ingredientes que non existisen na Idade Media galega. Nunha aposta pola calidade e mellora constante do certame dos **XI Pinchos Irmandiños**, o equipo Guitián & Mayer asesorou e valorou previamente as propostas para que acadasen un nivel satisfactorio. Ademais este ano o concurso contará cun xurado anónimo, ademais do público, que valore os diferentes petiscos pola súa creatividade, calidade, presentación...

A outra gran base gastronómica da festa é a **IX Cea Medieval**, que esgotou as súas entradas en poucas horas este pasado luns. Perto de medio cento de persoas ceará o venres 6 de xullo no foso do castelo, vestidos de época e podendo gozar das actividades de animación, e xa despois aberto a todo o público o concerto do grupo **Carapaus**. Antes de comezar a cea terá lugar o Enlace irmandiño, unha voda singular de inspiración medieval pero ao xeito do Asalto.

Todo un día de actividades

O Asalto **non é unha festa nocturna**, é unha festa para todas as idades que se celebra durante todo o día. O sábado 7 de xullo comezará a **Feira Artesanal** a partir das 10h no centro da vila con diferentes actividades que amenizarán a xornada. Entre elas hai que destacar o **Asaltiño**, o ataque ao Castelo para os máis pequenos que comeza na praza e remata no propio foso como os maiores. A batalla de auga é o elemento máis divertido desta cita que é todo un éxito de público. Outra actividade recente, pero fundamental, é o desfile das **Irmandades Parroquiais**, abertas á participación de toda a Terra de Soneira histórica



(concellos de Camariñas, Vimianzo, Zas, Laxe e parte de Cabana). Este desfile de tropas irmandiñas chegadas de diferentes parroquias acabarán na praza do concello, reuníndose para o ataque final da noite, a lectura do pregón e o izado da bandeira irmandiña. Lembramos que está aberto o prazo para inscribirse nesta actividade, na Feira Artesanal e no **IV Concurso de Fachadas** que ambienta a vila durante a celebración.

Música por todas partes

Tralo concerto do venres, o sábado toma o relevo musical cunha sesión vermú na praza do Concello con *Trampulleiro* e música nas rúas con diferentes sons tradicionais e de músicas do mundo. Xa á noite no Campo da festa animarán os irmandiños as pandeiretas de **Ialma**, galegas afincadas en Bruxelas. Unha vez asaltado o castelo, a música continúa coa nostalxia dos **Inmaculate Fools**, os éxitos de **Amparanoia** e o punk festeiro de **Terbutalina**.

... e deporte

O sábado 30 de xuño ás 21h quedará inaugurado o Asalto ao Castelo coa celebración da carreira nocturna da Legua Irmandiña. Trátase da cuarta edición dunha carreira popular vertebrada co Castelo e cunha distancia baseada nas antigas unidades de medida con distintas modalidades para todas as idades.

Organización

O Asalto ao Castelo ten detrás o traballo da veciñanza e de asociacións sen ánimo de lucro. Cherinkas, AXVALSO e o Concello son as entidades sobre as que recae o peso principal deste evento, mais outros colectivos da vila e comarca fan posible a celebración da festa.

Concertos

VENRES 6 DE XULLO – Cea Medieval – Foso do castelo de Vimianzo

Carapaus

Carapaus é un grupo de música tradicional formado en Santiago de Compostela no verán do 2010, integrado por Emilio Lois, gaiteiro da Baña; Oli Xiráldez (fautas), artesán e músico de longa traxectoria; Gustavo Couto (voz e tamboril), mestre de baile tradicional e coautor do libro *Bailabén* (Edicións do Cumio, 2010); Sabela Galbán (voz e acordeón), estudante de frauta traveseira no Conservatorio de Música Superior da Coruña, e Adrián Lareo (bombo e voz), gaiteiro e estudante de CAIM Gaita na EMAO.

Baixo a proclama *Somos ghaiteiros, somos revolusionarios*, Carapaus teima en difundir a música tradicional galega, así como fornecer, con pezas de composición de fondo trazo tradicional, o acervo cultural galego.



SÁBADO 7 DE XULLO – Asalto – Campo da festa na Torre

Ialma – 22h00

Multiculturalidade e migracións. As catro artistas que forman Ialma viven no seu propio día a día esta realidade na cidade onde residen, en Bruxelas. Marisol Palomo, Magali Menéndez e as irmás Verónica e Natalia Codesal naceron en Bélxica, pero as súas raíces son galegas. Os seus pais emigraron e elas danlle a volta á viaxe: *Camiño (De Bruxelas a Santiago)* é o último álbum (2017) destas cantareiras con case vinte anos de carreira profesional.

Ialma ten como base a música tradicional galega, mais incorpora novos sons e

Asalto ao castelo – Comunicación

comunicacion@asaltoaocastelo.org

Manuel Rial 669 735 349

outras influencias culturais. Como elas mesmas aseguran a herdanza galega vívese non como morriña do país, mais como “a expresión dunha identidade aberta sobre a cidade que as viu nacer: a Bruxelas cosmopolita”.

Ialma lanzará os seus aturuxos en Vimianzo no Asalto ao Castelo, no seu único concerto confirmado en Galicia polo de agora para este verán.



Inmaculate Fools – 01h00

A volta deste grupo británico aos escenarios traerá moitas lembranzas a quen viviu a súa idade de ouro nos anos 80. A elegante banda de pop-folk revivirá grandes éxitos como o que lle dá nome ao propio grupo *Inmaculate Fools*, *Tragic Comedy* ou *Sad*.

Mais non é un grupo só de nostalgia, xa que a volta da banda trae unha equipa totalmente renovada e ademais de músicos británicos, tamén galegos. E é que o cantante Kevin Weatherhill vive agora na ría de Arousa, e declárase un namorado de Galicia. O seu novo disco *Keep the blade sharp* xa ten rodado con gran éxito por cidades como Madrid ou Barcelona e chega o 7 de xullo a Vimianzo.



Amparanoia - 02h30

Amparo Sánchez decidía o ano pasado retomar o grupo Amparanoia no vinte aniversario do seu primeiro e exitoso álbum *El poder de Machín*. Toda unha homenaxe a un grupo que fixo parte da banda sonora da súa xeración e das máis novas. Artistas ben recoñecidos como Manu Chao, Macaco, Fito y Fitipaldis ou Chambao colaboraron cunha versión dos seus temas.

A intención era reunirse polo menos durante unha xira, mais o éxito conseguido foi tal que xa teñen preparada nova xira por Europa para este verán, na que Vimianzo será unha das poucas actuacións na península.

Revolucionaria musical, estandarte internacional da fusión, premiada pola BBC e en Cuba-Disco é unha muller comprometida. Sempre se caracterizou pola súa valentía á hora de misturar diferentes tipos de sons e facer das súas letras unha alegre protesta.

Non faltarán na praza do Asalto de Vimianzo coñecidos temas como “Que te den”, “La fiesta”, “En la noche” ou “El coro de mi gente”.



Terbutalina - 04h00

Desde a súa formación en 2010, Terbutalina non deixou de encher festivais e salas de toda a península co seu potente garage-punk festeiro. Este ano contan cunha formación renovada, trala saída da banda dos compoñentes fundacionais Samu, Brais e Diego, e coa chegada de Torres no baixo e de Héctor na batería.

Teñen previsto un intenso verán, xa que a formación non deixa de conseguir éxitos e de fulminar as billeteiras das salas por onde pasa con sold-out. Terbutalina conta xa con varios traballos discográficos. O seu LP, *A muerte*, resultou gañador do Premio a Mellor Álbum en Galego de 2014 nos Premios da Música Independente. En 2015 lanzan o seu penúltimo traballo, *Al otomano se le va la mano*, gravado no Estudio A Ponte e masterizado por Jim Diamond (The White Stripes, The Sonics) en Ghetto Records (Detroit, EEUU), e que é editado por Folc Records e Grabaciones de Impacto. Agora abren nova etapa co EP *Sonido Esteiro*.

Terbutalina transformará o campo da festa de Vimianzo nunha auténtica “Casa da Tolemia”.





PROGRAMA

SÁBADO 30 DE XUÑO

21:00 | IV Legua Irmandiña (Praza do Concello)

DE MARTES 3 DE XULLO...

...A **VENRES 6** 10:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | Obradoiros Medievais Infantís (Casa da Cultura)

...A **SÁBADO 7** 12:00 a 15:00 e 19:00 a 21:00 (horario mínimo) | **XI PINCHOS IRMANDIÑOS**

...A **DOMINGO 8** 10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | Mostra de Artesanía ao Vivo (Castelo)

...A **DOMINGO 8** 12:00 | Visita guiada (Castelo)

MÉRCORES 4 DE XULLO

21:30 | Representación Teatral Asalto 2018 (Casa da Cultura)

XOVES 5 DE XULLO

19:00 a 23:00 | Foliada: *A. C. Trubisquiña* (Rúa)

20:00 | Espazo Artístico Itinerante (Rúa)

20:00 | Desenterro Irmandiño (Pasabares)

VENRES 6 DE XULLO

20:00 | Espazo Artístico Itinerante (Rúa)

21:00 | II Enlace Irmandiño (Foso do Castelo)

21:30 | IX Cea Medieval (Foso do Castelo)



00:30 | Portas abertas. Esconxuro da Queimada

01:00 | Concerto Folk: *Carapaus*

SÁBADO 7 DE XULLO

MAÑÁ

10:00 a 20:30 | VIII Feira Artesanal (Praza do Concello)

11:00 a 13:00 | Xogoflexia. Obradoiros Infantís. (Praza do Concello)

11:00 a 12:00 | Xogos de Mesa Irmandiños (Demo): *INCUDE Iniciativas Culturais e Deportivas Universitarias da Universidade da Coruña* (Praza do Concello)

12:00 | Xadrez: Torneo de Rápidas + Torneo de Clash Royale: *INCUDE* (Praza do Concello)

12:45 | Baile galego: *A. C. Trubisquiña* (Praza do Concello)

13:15 | Baile galego: *Airiños do Río Grande* e *Foliada de Salto* (Praza do Concello)

13:30 | Espazo Artístico Itinerante (Rúa)

13:30 | Batalla de galos (roldas previas): Centolos FreeStyle (Praza Castelao)

14:00 | Sesión Vermú: *Trampulleiro* (Praza do Concello)

TARDE

16:00 | Aturuxos Irmandiños: Arenga musical con *Medio Quinhón* (Praza do Concello)

16:30 a 18:00 | ASALTIÑO

16:30 | Irrupción da Hoste dos Moscoso (Praza do Concello)

17:00 | Concentración de Tropa (Praza da Igrexa)

17:15 | Ataque ao Castelo (Foso do Castelo)

18:00 | Dos Feitos e Desfeitos que estas Pedras Viviron, dos Tempos das Cantigas aos do Electrolatino (*Historia Dramatizada do Castelo*): (Patio de Armas do Castelo)

Asalto ao castelo – Comunicación

comunicacion@asaltoaocastelo.org

Manuel Rial 669 735 349



18:30 | Batalla de galos (roldas finais): Centolos FreeStyle (Praza do Concello)

19:15 | Fallo do IV Concurso de Fachadas (Praza do Concello)

19:30 | IV Irmandade Parroquial (Praza do Concello)

20:10 | Izado da Bandeira Irmandiña (Praza do Concello)

20:20 | Haka no te Fenua: *Escola de Danza Polinesia Ia Ora Tahiti Coruña* (Praza do Concello)

20:30 | Música de Raíz: *Danza Orinoco e Caribe* (Praza do Concello)

20:30 | Circuito Musical (Rúa): *A. C. Trubisquiña*

Kosoko Nasera

Vintenbaio (Patrulla 1)

Vintenbaio (Patrulla 2)

Trampulleiro

NOITE

21:00 | CEA

22:00 | *Ialma*

23:30 | ASALTO AO CASTELO

00:50 | Haka Vahine: *Escola de Danza Polinesia Ia Ora Tahiti Coruña*

01:00 | *Inmaculate Fools*

02:30 | *Amparanoia*

04:00 | *Terbutalina*

DOMINGO 8 DE XULLO

13:00 + 17:00 | Castelo Vivo, un Paseo pola Historia: *Quinquilláns* (Castelo)

Asalto ao castelo – Comunicación

comunicacion@asaltoaocastelo.org

Manuel Rial 669 735 349